

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP CANOSA-RUS

NIVEL: DE 1º A 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA: Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)

DATA: 12 - Maio - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establécense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis para as diferentes áreas que compoñen o currículo, relacionando estes entre si, e coas competencias clave e os obxectivos xerais da etapa.

Debido a que a relación entre os diferentes elementos xa queda establecida no currículo, a continuación presentamos unicamente os estándares de aprendizaxe que son considerados mínimos e imprescindibles para superar a área de Primeira Lingua Estranxeira (Inglés) relacionados coas competencias que avaliará cada un deles.

Nas táboas que figuran a continuación figuran os mínimos xa traballados relacionados coas competencias clave e tamén os mínimos que podemos reforzar e repasar coas actividades propostas para este terceiro trimestre.

1. MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - COMPETENCIAS CLAVE

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
MÍNIMOS A REFORZAR	MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>✚ Comprende vocabulario moi elemental sobre temas cotiás con axuda de soporte visual.</p>	<p>✚ Comprende vocabulario moi elemental sobre temas cotiás con axuda de soporte visual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. • PLEB 1.3. Comprende preguntas moi básicas, sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. 	<p>CCL CAA</p>
	<p>✚ Segue instrucións referidas ás rutinas escolares.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir / pechar o libro, sentar, dar un lapis...). 	<p>CCL</p>
	<p>✚ Amosa unha actitude de escoita atenta.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. 	<p>CCL CSC</p>
	<p>✚ Reproduce textos orais moi sinxelos e breves (ex. cancións,</p>	<p>CCL</p>

	<p>rimas...).</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. 	CSC
<p>✚ Escribe palabras relacionadas coa súa vida cotiá seguindo un modelo dado.</p>	<p>✚ Escribe palabras relacionadas coa súa vida cotiá seguindo un modelo dado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. • PLEB 4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. • PLEB 4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. 	CCL
	<p>✚ Diferenza e emprega oralmente saúdos, despedidas e fórmulas de cortesía.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, Excuse me). 	CCL CSC

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
MÍNIMOS A REFORZAR	MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>✚ Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual traballados previamente de forma oral.</p>	<p>✚ Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual traballados previamente de forma oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que 	CCL CAA

	<p>axuden á comprensión.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. • PLEB 1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idades e gustos) sobre si mesmo/a e dos demais. • PLEB 3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos e relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/Close the door, Sit down...). • PLEB 1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open / Close the book, Sit down). 	CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Amosa unha actitude de escoita atenta. • PLEB 2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. • PLEB 2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. 	CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Reproduce textos orais sinxelos e breves. • PLEB 2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. 	CCL CSC
✚ Escribe frases moi sinxelas e breves, organizadas con coherencia, seguindo un modelo dado.	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Escribe frases moi sinxelas e breves, organizadas con coherencia, seguindo un modelo dado. • PLEB 4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia e con léxico relacionado co tema da escritura. 	CCL CAA
✚ Expresa e identifica estados de ánimo elementais.	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Expresa e identifica estados de ánimo elementais. • PLEB 5.13. Expresa estados de ánimo elementais (Happy, sad, bored...). 	CCL

3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
MÍNIMOS A REFORZAR	MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE

<p>Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas que traten sobre temas familiares.</p>	<p>Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas que traten sobre temas familiares.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. • PLEB 1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). • PLEB 1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. 	<p>CCL CAA</p>
	<p>Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). 	<p>CCL</p>
	<p>Reproduce cancións e rimas traballadas previamente tentando achegarse á pronuncia e entoación adecuadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.3. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. 	<p>CCL CSC</p>
	<p>Amosa unha actitude de escoita atenta.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.2. Amosa unha actitude de escoita atenta. 	<p>CSC</p>
	<p>Comprende textos escritos moi sinxelos previamente traballados de forma oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	<p>CCL</p>
<p>Escribe frases sinxelas referidas a situacións cotiás a partir de modelos, traballadas previamente de forma oral.</p>	<p>Escribe frases sinxelas referidas a situacións cotiás a partir de modelos, traballadas previamente de forma oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. • PLEB 4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. • PLEB 4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con 	<p>CCL</p>

	coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.	
✚ Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.	✚ Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. 	CCL CSC
✚ Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	✚ Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. • PLEB 5.7. Diferenza preguntas e respostas simples. 	CCL CAA CSC
	✚ Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras de respostas verbais e non verbais. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. 	CCL CSC

4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
MÍNIMOS A REFORZAR	MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	✚ Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da internet adecuados á súa idade. 	CCL

	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais previamente preparadas, cunha pronuncia e entoación comprensibles. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.1. participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. • PLEB 2.2. Pregunta e responde para dar / obter información en interaccións cotiás. 	CCL CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Amosa unha actitude de escoita atenta, sen interromper e respecta as intervencións orais alleas. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. • PLEB 2.5. Manifesta interese e respecto polas aportacións dos seus compañeiros/as. 	CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (ex. cancións, rimas, conversas telefónicas, dramatizacións...). <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). 	CCL CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Comprende textos escritos moi sinxelos previamente traballados de forma oral. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. 	CCL
✚ Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, acompañado de apoio visual, acorde á súa idade e adaptado á súa competencia	✚ Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, acompañado de apoio visual, acorde á súa idade e adaptado á súa competencia lingüística.	CCL

lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde á súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística. 	
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Escribe frases sinxelas relacionadas coa súa vida cotiá, traballadas previamente de forma oral, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Escribe frases sinxelas relacionadas coa súa vida cotiá, traballadas previamente de forma oral, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. • PLEB 4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. 	CCL
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase. • PLEB 4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. 	CCL
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Presenta os seus traballos de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Presenta os seus traballos de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. • PLEB 4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc. 	CAA CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Inicia e remata as interaccións adecuadamente. • PLEB 5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. 	CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Expresa, identifica e distingue o vocabulario traballado na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Expresa, identifica e distingue o vocabulario traballado na clase. • PLEB 5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas... 	CCL
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, o desexo ou a 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización, o permiso, o acordo, a preferencia, o desexo ou a capacidade. (No caso 	CCL CSC

capacidade. (Non se reforzará a parte referente á localización)	<p>deste mínimo non podemos abordar a parte referente á localización, as demais que aparecen indicadas sí)</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. 	
<ul style="list-style-type: none"> • Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. • PLEB 5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. 	CCL

5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
MÍNIMOS A REFORZAR	MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá sobre temas do seu interese acorde á súa idade e competencia lingüística con apoio visual en soporte papel ou dixital. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. • PLEB 1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou visual. 	CCL
	<ul style="list-style-type: none"> • Amosa unha actitude de escoita atenta e manifesta interese e respecto polas intervencións orais alleas. 	CCL CSC

	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. • PLEB 2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. • PLEB 2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións dos seus compañeiros/as. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Comeza a utilizar correctamente e de forma progresiva aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, de acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. 	CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Comprende a información básica dun texto escrito sinxelo acorde á súa idade e competencia lingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Comprende a información básica dun texto escrito sinxelo acorde á súa idade e competencia lingüística. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. • PLEB 3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. 	CCL CD
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuacións e representación dos textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuacións e representación dos textos escritos. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.8. Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. 	CCL
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Elabora pequenos textos significativos a partir de modelos, sobre temas cotiás previamente traballados na aula respectando a estrutura gramatical e ortografía básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Elabora pequenos textos significativos a partir de modelos, sobre temas cotiás previamente traballados na aula respectando a estrutura gramatical e ortografía básicas. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. • PLEB 4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. 	CCL CAA CSIEE

	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB 4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos). • PLEB 4.5. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics ou descricións de lugares, gustos ou afeccións). 	
✚ Usa o dicionario e outros materiais de consulta.	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Usa o dicionario e outros materiais de consulta. • PLEB 4.7. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. 	CCL CAA
✚ Presenta o seu traballo de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza.	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Presenta o seu traballo de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. • PLEB 4.8. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc. 	CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Inicia e remata as interaccións adecuadamente. • PLEB 5.4. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. 	CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Identifica tempos verbais de presente e pasado. (No caso deste mínimo non podemos abordar os tempos verbais nas súas formas de pasado, si o fixemos nas súas formas de presente) • PLEB 5.6. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación... 	CCL
✚ Describe o seu aspecto físico, gustos, afeccións.... e tamén os de outras persoas.	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Describe o seu aspecto físico, gustos, afeccións.... e tamén os de outras persoas. • PLEB 5.9. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa. 	CCL CAA
✚ Comprende e expresa indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións propias da aula.	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Comprende e expresa indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións propias da aula. • PLEB 5.10. Expressa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. • PLEB 5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. 	CCL CAA

6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
MÍNIMOS A REFORZAR	MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Inicia e remata as interaccións de forma correcta. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). 	CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Comprende as ideas principais e ben estruturadas sobre temas familiares e do seu interese, co apoio de imaxes e ilustracións, nas que se fala coa velocidade axeitada e de forma clara. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deportes, etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. 	CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares (a familia, a escola, o tempo libre, a descrición de lugares, de imaxes...). <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. 	CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensibles. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 2.1. Fai presentacións breves e sinxelas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha 	CCL CAA

	<p>persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e entoación comprensible.</p>	
<p>Comprende información esencial e localiza información específica en textos breves e sinxelos que traten sobre temas familiares (a familia, a escola, o tempo libre, os deportes, grupos musicais, actividades de ocio, descrición de lugares, a indicación da hora...) en materiais procedentes de distintos soportes.</p>	<p>Comprende información esencial e localiza información específica en textos breves e sinxelos que traten sobre temas familiares (a familia, a escola, o tempo libre, os deportes, grupos musicais, actividades de ocio, descrición de lugares, a indicación da hora...) en materiais procedentes de distintos soportes.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos. • PLEB 3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc. 	<p>CCL CAA</p>
<p>Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais a través de lecturas adaptadas, cómics...</p>	<p>Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais a través de lecturas adaptadas, cómics...</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics., etc.). 	<p>CCL CAA</p>
<p>Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos.</p>	<p>Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.6 Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p.e. punto, coma) así como símbolos de uso frecuente (p.e. emoticonos, @, o símbolo da libra esterlina). 	<p>CCL</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas que traten sobre temas familiares. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.1. Entende a información esencial en conversas sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. 	CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Desenvólvese en transaccións cotiás. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p.e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). 	CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> ✚ Presenta o seu traballo de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Presenta o seu traballo de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p.e. punto, coma) así como símbolos de uso frecuente (p.e. emoticonos, @, o símbolo da libra esterlina). 	CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Participa en conversas nas que se establece contacto social e se intercambia información persoal sobre asuntos cotiás. <ul style="list-style-type: none"> • PLEB 5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, felicitar a alguén) , se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p.e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). 	CCL CSC CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Para o seguimento da aprendizaxe a distancia empregaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (telematicamente) e a observación posterior para a súa valoración.
	Instrumentos: Escalas de estimación e listas de cotexo sobre os documentos entregados semanalmente por parte do alumnado.
Cualificación final	A avaliación e cualificación do alumno adáptase ás aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continua consígnase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter continuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cóllese un documento en formato pdf e todos se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Na elaboración das actividades propostas inténtase que a realización das mesmas sexa compatible cos recursos e medios de que dispoñen as familias adaptándose en función das circunstancias que van xurdindo. O alumnado con conectividade recibe as tarefas por vía telemática. Con estas familias hai un feedback continuo a través de mensaxería. O alumnado sen conectividade ou con calquera outro tipo de problemática recibe as tarefas por outras vías garantindo así o acceso ás mesmas por parte de todo o alumnado. Con estas familias a comunicación realízase por outras vías empregando os medios e recursos de que dispón o centro.
Materiais e recursos	Os materiais empregados para a elaboración das actividades propostas son: materiais impresos e audiovisuais da editorial á que pertencen os materiais curriculares empregados na área, páxinas web e actividades de creación propia.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso a través de abalarMóbil cando estea dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóbil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
Publicidade	<p>Publicarase este documento na páxina web do centro.</p>